



CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución da Subdirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2018/19, convocada pola resolución do 18 de xuño de 2018 (Diario Oficial de Galicia n.º 121, do 26 de xuño).

O 2 de xullo de 2018 publicáronse no enderezo da internet www.edu.xunta.gal as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2018/19, convocada pola resolución do 18 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* n.º 121, do 26 de xuño).

Advertidos erros na relación provisional de persoal interino e substituto do servizo de secundaria obrigado a participar, ao incluír ao profesorado de relixión, cómpre corríxilos coa publicación do anexo correcto no que xa non figura este colectivo.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luís Canosa Baldomir

